

## ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE EDUCACION E CIDADANÍA.

### - PRAZOS DE INSCRICIÓN -

O Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións do verán 2018 (xuño-xullo e setembro). Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións do CEIP das Fontiñas e do CEIP Raiña Fabiola, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago. Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

#### **CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:**

**Destinatarios:** nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria, entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago. (ambos os dous inclusive).

#### **Horarios e servizos que se ofrecerán aos usuarios :**

Horario: de 7,45 h. ata as 16,00 h.

Servizos:

- De 7,45 a 9,00 h.: Servizo de Madrugadores (aula matinal), con almorzo.
- De 9,00 ás 14,00 h.: Obradoiros e Actividades.
- De 14,00 ás 16,00 h.: Servizo de Comedor.

#### **Datas de realización do programa:**

Os usuarios poderán escoller as distintas modalidades establecidas en quendas ou por días soltos.

O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de verán:

Mes de xuño: días 22, 25, 26, 27, 28 e 29.

Mes de xullo (agás sábados, domingos e festivos).

Setembro: días 3, 4, 5, 6 e 7.

#### **As quendas son as seguintes:**

1ª Días 22, 25, 26, 27, 28 e 29 de xuño de 2018.

2ª Do 2 ao 6 de xullo de 2018.

3ª Do 9 ao 13 de xullo de 2018.

4ª Do 16 ao 20 de xullo de 2018.

5ª Días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de xullo de 2018.

6º Días 3, 4, 5, 6 e 7 de setembro de 2018.

O programa inclúe a realización de actividades e obradoiros, ademais de poñer a disposición dos nenos e nenas participantes un servizo de madrugadores (con almorzo) e de comedor.

### **Prazas que se ofrecen:**

#### **Xuño**

	<b>Prazas</b>	<b>Días</b>
<b>Obradoiros e actividade</b>	<b>100</b>	<b>6</b>
<b>Comedor</b>	<b>50</b>	<b>6</b>
<b>Madrugadores</b>	<b>25</b>	<b>6</b>

#### **Xullo**

	<b>Prazas</b>	<b>Días</b>
<b>Obradoiros e actividade</b>	<b>140</b>	<b>21</b>
<b>Comedor</b>	<b>70</b>	<b>21</b>
<b>Madrugadores</b>	<b>30</b>	<b>21</b>

#### **Setembro**

	<b>Prazas</b>	<b>Días</b>
<b>Obradoiros e actividade</b>	<b>100</b>	<b>5</b>
<b>Comedor</b>	<b>40</b>	<b>5</b>
<b>Madrugadores</b>	<b>20</b>	<b>5</b>

### **LUGAR DE EXECUCIÓN:**

As actividades terán lugar en instalacións do CEIP As Fontiñas (Rúa Roma, nº 21) e no CEIP Raíña Fabiola (Rúa Entregaleras, 15).

### **OBXETIVOS:**

#### **- Obxectivo xeral**

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

### **- Obxectivos específicos:**

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten que todos debemos coidar dos mesmos.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

### **TIPO DE ACTIVIDADES**

Dentro do programa, incluíranse actividades LÚDICAS, DEPORTIVAS, XOGOS E OBRADOIROS.

### **MODALIDADES**

- Os solicitantes poderán escoller diferentes quendas ou días soltos.
- Haberá un desconto do 20% para quen acredite ser familia monoparental, numerosa, nenos/as con discapacidade e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta o desconto farase a todos os irmáns.
- Así mesmo, contéplase un desconto do 50% ou do 100% para aquelas familias con escasos recursos; estes casos deberán contar obrigatoriamente con Informe previo do Departamento municipal de Servizos Sociais que ditaminará a porcentaxe do desconto (o 50 ou o 100%). O desconto correspondente aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

Os descontos non son acumulables.

### **INSCRICIÓN DOS USUARIOS NO PROGRAMA:**

- O prazo de inscrición realízase entre o 16 e o 31 de maio de 2018 (ambos os dous incluídos). Non obstante, mentres queden prazas dispoñibles poderanse tramitar as solicitudes de participación no programa.
- O Departamento de Educación do Concello de Santiago proverá dos correspondentes impresos de inscrición no programa e publicará a lista de admitidos e, no seu caso excluídos, na páxina

web do concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org), indicando o **número de rexistro** do peticionario/a.

- Os solicitantes terán que cubrir a folla de inscrición e entregala no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no rexistro auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16).
- **Documentación complementaria a presentar** polas familias:
  - Copia do título de Familia Numerosa (de ser o caso).
  - Informe de discapacidade do neno/a (de ser o caso).
  - Fotocopia da tarxeta sanitaria.
  - Unha vez determinados os prezos públicos pola Xunta de Goberno Local, os usuarios admitidos deberán entregar xustificante de pagamento na conta bancaria.
  - Certificación expedida polo centro de Santiago onde estuda o neno/a, indicando nome e apelidos e curso (se non está empadroado no concello de Santiago).
  - Informe de servizos sociais (de ser o caso).
  - Documentación acreditativa de familia monoparental (\*)

**Familia monoparental:** *entenderase por familia monoparental cando forme parte da unidade familiar unha única persoa proxenitora que non conviva con outra coa que manteña unha relación, e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Neste caso xustificárase cunha denuncia reclamando o pago da manutención do menor.*

- O número máximo de participantes virá determinado polas modalidades e servizos que estes soliciten, cun teito máximo determinado polo orzamento total de adxudicación que a Xunta de Goberno Local aprobe para este programa.
- Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago (neste caso deberán achegar certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos do neno/a matriculado e curso).
- No caso de baixa no programa por enfermidade, a familia solicitante deberá xustificalo documentalmente mediante certificado médico e notificalo por correo electrónico ao Departamento de Educación e Cidadanía ([dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal)).
- Será motivo de exclusión do programa, o non cumprimento do requisito de idade, non entregar a documentación solicitada, non realizar o pagamento das cotas establecidas nos prazos sinalados, non estar empadroado ou escolarizado nun centro educativo do municipio de Santiago.
- Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:
  - 1.- Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse o mínimo de prazas establecido por día.
  - 2.- Por razóns de enfermidade (neste caso acreditarase mediante certificado médico).
  - 3.- Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.

4.- Aqueles solicitantes que quedan fóra por superar as prazas dispoñibles.

- Os participantes no programa aceptan as bases e condicións establecidas no programa.
- Poderán asignarse máis prazas das establecidas a un centro, cando non se cubran as asignadas no outro. No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas realizarase un sorteo público.
- No caso de non contar cun mínimo de participantes en cada escola, establecido en 20 matriculados diarios por quenda para obradoiros de 9 a 14 horas, non se realizará o programa nesa escola.
- Os usuarios que se apunten a unha escola de verán que non obteña o mínimo de 20 matriculados, poderán solicitar o cambio á outra escola que si cubra o mínimo de prazas ofrecidas.
- Tendo en conta que se trata dun servizo que favorece a conciliación laboral, familiar e persoal, ofrécese o servizo de almorzo e o xantar para aquelas familias que o precisen. O servizo prestarase cando haxa un mínimo diario de 10 solicitantes no servizo de almorzo e 10 no de xantar, por quenda, en cada un dos centros.

#### **PREZOS:**

O programa está en fase de licitación polo que unha vez que se produza a adxudicación do servizo, a Xunta de Goberno Local, aprobará os prezos públicos a aboar polos usuarios do programa, de acordo coas quendas e servizos que estes soliciten.

Para o cobro das cantidades correspondentes, o concello de Santiago habilitará, no seu momento, unha conta bancaria municipal, para que os solicitantes admitidos poidan realizar o ingreso correspondente das modalidades escollidas. Deberán indicar no momento de realizar o ingreso: *Nome e apelidos do neno/a solicitante, persoa que realiza o pagamento e a modalidade escollida.*

#### **Máis información:**

Departamento de Educación e Cidadanía

Edificio CERSIA

Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n-San Lázaro

Tfnos.: 981 554 400/401

Fax: 981 571 511

[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal); [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

# ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

## - INSCRICIÓN -

DATOS PERSOAIS DO NENO/A SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
Data de nacemento		Idade	
Nacionalidade		Sexo	
Domicilio		Nº	Portal
Escaleira	Andar	Porta	C.P.
Centro de Ensino		Curso	
Correo electrónico			
Nome e Apelidos (nai / titora)			DNI, NIF ou NIE
Ocupación		Horario Laboral	
Nº Seguridade Social		Mutua ou Aseguradora	
Domicilio		Nº	Portal
Escaleira	Andar	Porta	C.P.
Municipio		Provincia	
Teléfonos de contacto	Domicilio	Traballo	Móviles
Correo electrónico			
Nome e Apelidos (pai / titor)			DNI, NIF ou NIE
Ocupación		Horario Laboral	
Nº Seguridade Social		Mutua ou Aseguradora	
Domicilio		Nº	Portal
Escaleira	Andar	Porta	C.P.
Municipio		Provincia	
Teléfonos de contacto	Domicilio	Traballo	Móviles
Correo electrónico			

FICHA MÉDICA	
Toma algún medicamento?	Cal?
Toma medicación ao longo da actividade?	Indicar dose:
Ten alerxias?	Cales?
Asma? <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non	Observacións:
Maréase con frecuencia?	Vomita con frecuencia?
Padece hemorrxias a miúdo?	
Ten convulsións?	Ten algún réxime?
Ten as vacinas correspondentes á súa idade?	
Ten algunha discapacidade? Especificar:	
Outras:	

Outros datos de interese
Indique a garda e custodia en caso de separación, divorcio, etc.
Observacións

### Protección de datos

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativas, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste Departamento. Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X

# ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

## - INSCRICIÓN -

**Datos de realización:** O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de verán: mes de xuño (días 22, 25, 26, 27, 28 e 29 de xuño de 2018), mes de xullo (agás sábados, domingos e festivos) e setembro (días 3, 4, 5, 6 e 7 de 2018).

**Lugar de realización da actividade** ( *sinala cun –x- o centro que solicita*):

- CEIP As Fontiñas (Rúa Roma, nº 21 )
- CEIP Raíña Fabiola. (Rúa Entregaleras,15).

**Horarios de realización:**

Madrugadores: de 7,45 a 9 h.  
Obradoiros e actividades: de 9 a 14 h.  
Comedor: de 14 a 16,00 h.

**As quendas (a escoller), son as seguintes:**

- 1ª Días 22, 25, 26, 27, 28 e 29 de xuño de 2018.
- 2ª Do 2 ao 6 de xullo de 2018..
- 3ª Do 9 ao 13 de xullo de 2018.
- 4ª Do 16 ao 20 de xullo de 2018.
- 5ª Días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de xullo de 2018.
- 6ª Días 3, 4, 5, 6 e 7 de setembro de 2018.

**Prezos:**

Unha vez que se produza a adxudicación do servizo, a Xunta de Goberno Local acordará os prezos a pagar polos usuarios do programa.

Haberá un desconto do 20% para quen acredite ser familia monoparental, numerosa, nenos e nenas con discapacidade e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta o desconto farase a todos os irmáns. Así mesmo contéplase un desconto do 50% ou do 100% para aquelas familias con escasos recursos; estes casos deberán contar obrigatoriamente con Informe previo do Departamento municipal de Servizos Sociais que ditaminará a porcentaxe de desconto (o 50 ou o 100%). Os descontos aplicarase a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar. Os descontos non son acumulables.

### MATRICULACIÓN NO PROGRAMA

- Abrirase un prazo de inscrición e matrícula entre o 16 e o 31 maio de 2018(ambos os dous incluídos).
- Os solicitantes terán que cubrir a folia de inscrición e entregala no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no rexistro auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16), ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Documentación complementaria:
  - Ficha de formalización de inscrición, cuberta.
  - Certificado do centro educativo no que está inscrito o neno/a no caso de non estar empadroadado no concello de Santiago e Compostela
  - Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).
  - Informe de discapacidade do neno/a (se é o caso)

#### Protección de datos

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativas, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste Departamento. Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X

Departamento de Educación e Cidadanía: tfno: 981 55 44 00 -01.  
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

# ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

## - INSCRICIÓN -

- Acreditación de ser familia monoparental (se é o caso): Fotocopia do Libro de Familia ou copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Informe de Servizos Sociais (se é o caso).
- O Departamento de Educación do Concello de Santiago facilitará as correspondente follas de inscrición no programa e publicará a lista de admitidos e, no seu caso excluídos, na páxina web do concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org), co número de rexistro correspondente.
- Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago (neste caso deberán achegar certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos do neno/a matriculado e curso).
- No caso de baixa no programa por enfermidade, a familia solicitante deberá xustificalo documentalmente mediante certificado médico) e, notificalo por correo electrónico ao Departamento de Educación, antes do comezo do programa.
- Será motivo de exclusión non cumprir o requisito de idade, non entregar a documentación solicitada e non realizar o pagamento das cotas establecidas nos prazos sinalados, non estar empadroados en Santiago ou escolarizado nun centro educativo do municipio de Santiago.

Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:

- 1.- Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazos.
  - 2.- Por razóns de enfermidade (neste caso, acreditarase mediante certificado médico).
  - 3.- Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.
  - 4.- Aqueles solicitantes que quedan fóra por superar as prazos dispoñibles.
- Os solicitantes do programa aceptan as bases e condicións establecidas no programa.

### QUENDAS A ESCOLLER POLOS USUARIOS/AS:

#### Xuño 2018

SERVIZO	HORARIO	1ªquenda
		Días 22, 25, 26, 27 28 e 29 de xuño.
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 16,00 h	
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 16,00 h.	
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.	

#### Protección de datos

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativas, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste Departamento. Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X



# ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

## - INSCRICIÓN -

### Xullo 2018

SERVIZO	HORARIO	2ª QUENDA	3ª QUENDA	4ª QUENDA	5ª QUENDA
		Do 2 ao 6 de xullo.	Do 9 ao 13 de xullo.	Do 16 ao 20 de xullo.	Días 23, 24, 26, 27, 30, e 31 de xullo
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 16,00 h				
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.				
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 16,00 h.				
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.				

### Setembro 2018

SERVIZO	HORARIO	6ª quenda
		Días 3, 4, 5, 6 e 7 de setembro de 2018
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 16,00 h	
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 16,00 h.	
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.	

### DÍAS SOLTOS

SERVIZO	HORARIO	DÍAS SOLTOS
		Especificar:
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 16,00 h	
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 16,00 h.	
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.	

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2018

**Asdo. Pai/nai, Titor/a ou Representante Legal**

#### Protección de datos

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Educación con fins informativas, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste Departamento. Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X

**Departamento de Educación e Cidadanía: tfno: 981 55 44 00 -01.  
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal**